



CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL DE ESTUDANTES PARA PRÁCTICAS EN EMPRESAS

PROGRAMA ERASMUS+ PRÁCTICAS (SMT)

CURSO 2024/25

PRESENTACIÓN:

Co fin de contribuír a que as persoas se adapten ás esixencias do mercado laboral europeo, adquiran aptitudes específicas e melloren a súa comprensión da contorna económica e social de Europa, ao mesmo tempo que adquiren experiencia laboral, a Universidade da Coruña publica a Convocatoria de bolsas de mobilidade internacional de estudantes para prácticas en empresas para o curso 2024/25. Esta convocatoria está destinada ao estudiantado matriculado en cursos oficiais en centros propios ou adscritos da Universidade da Coruña para realizar estadias en empresas ou organizacións estranxeiras no marco do programa Erasmus+ SMT (Key Action I). As condicións da convocatoria desenvolven as contidas na Guía do Programa Erasmus+ (Key Action I) e baséanse no compromiso adquirido pola UDC na Carta Universitaria Erasmus+ outorgada pola Comisión Europea e no Regulamento da UDC sobre mobilidade internacional de estudantes.

I. FINANCIAMENTO

Esta convocatoria financiarase coas achegas orzamentarias da Comisión Europea do proxecto KA 131 – proxecto “2023-1-ES01-KA131-HED-000118792”, e a contribución da Universidade da Coruña (anticipo para compensar con fondos da Comisión Europea) con cargo á aplicación orzamentaria 080A 422D 48000 polo importe inicial de 25.000 €, que poderá ser incrementado en caso de dispoñibilidade orzamentaria.

II. MODALIDADES

A mobilidade para realizar prácticas internacionais en empresas admite dúas modalidades distintas:

- Estudantes en prácticas:** esta modalidade abrangue a todas aquelas persoas solicitantes que realizan o seu período de prácticas mentres posúen a condición de estudantes matriculados na UDC.
- Recentemente titulados en prácticas:** esta modalidade abrangue a todos aqueles candidatos que soliciten a mobilidade no seu último ano de estudos e que realizan e terminan a súa estadia de prácticas no ano inmediatamente posterior ao depósito do título.

III. REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA

Os requisitos para participar no programa en calquera das dúas modalidades previstas son os seguintes:

- O/A ESTUDANTE TEN QUE ESTAR MATRICULADO/A NA UDC** NO MOMENTO DE PRESENTAR A SÚA SOLICITUDE. No momento de presentar a solicitude de mobilidade, o/a candidato/a debe estar matriculado/a en estudos oficiais de grao, de mestrado ou de doutoramento. Ademais, dentro da titulación oficial da que se trate, o estudante debe estar matriculado en materias que teñan relevancia para a obtención do título oficial da UDC, non será suficiente para cumprir co requisito unha matrícula composta exclusivamente por materias optativas que non sexan necesarias para obter a titulación. Aos efectos de cumprir o presente requisito, para a modalidade de “Recentemente titulados”, enténdese que un estudante está matriculado na UDC ata o final do curso académico no que superase as últimas materias necesarias para obter a titulación. O feito de solicitar depósito do título durante un determinado curso académico non é obstáculo para que o estudante siga a considerarse matriculado na UDC ata a data da última avaliación segundo o calendario académico do devandito curso (25 de setembro para as titulacións co calendario adaptado), aínda que o tempo transcorrido desde a data do depósito do título descontarase dos 12 meses máximos permitidos para realizar a mobilidade.
- O/A ESTUDANTE NON PODE TER REALIZADO PREVIAMENTE OUTRA MOBILIDADE CON FIN DE PRÁCTICAS NA MESMA TITULACIÓN QUE ESTÁ CURSANDO.** Quedarán excluídos os estudantes que realizaran con anterioridade unha mobilidade para prácticas internacionais en empresas ou institucións na mesma titulación que está cursando.
- O/A ESTUDANTE NON PODE TER REALIZADO PREVIAMENTE E DENTRO DO MESMO CICLO DE ESTUDOS (GRAO, MESTRADO OU DOUTORAMENTO) OUTRAS MOBILIDADES NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS QUE, SUMADAS Á QUE SOLICITA, SUPEREN OS DOCE MESES DE DURACIÓN.**

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	28/02/2024 11:50:18
Observacións		Páxina	1/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



O programa Erasmus+ só permite a cada persoa participar na mobilidade durante doce meses en cada ciclo.

Quedarán excluídos os estudantes que realizaran mobilidades, para estudos ou para prácticas, con cargo ao programa Erasmus-LLP, ao programa Leonardo da Vinci, Erasmus-Mundus ou ao programa Erasmus+ no mesmo ciclo de estudos no que se atopan (grao, mestrado, doutoramento), durante un período que, sumado ao da solicitude, exceda dun total de 12 meses.

É indiferente a estes efectos o feito de que o/a estudante realice ou realizara a mobilidade con ou sen bolsa.

4. O/A ESTUDANTE DEBERÁ **CUMPRIR OS REQUISITOS DE IDIOMAS ESTRANXEIROS** QUE SE ESTABLECEN NO APARTADO IV DA PRESENTE CONVOCATORIA. En ningún caso serán admitidas mobilidades cuxa lingua de instrución ou a lingua obxecto de prácticas sexa o español, excepto que acredite o nivel de idioma propio do país de destino.
5. O/A ESTUDANTE DEBE **CONTAR CUN ACORDO DE FORMACIÓN** NAS CONDICIÓNS SINALADAS NA PRESENTE CONVOCATORIA.
6. O/A ESTUDANTE DEBE CUMPRIR CON TODAS AS DEMAIS CONDICIÓNS QUE IMPOÑA OU POIDA IMPOÑER NO FUTURO O PROGRAMA ERASMUS+. As regras deste programa pódense consultar na páxina web da axencia española encargada de xestionar o programa: www.sepie.es.
7. Non se favorecerán as mobilidades con fin de prácticas de estudantes estranxeiros residentes en España cando soliciten como destino da mobilidade o seu país natal. Estes estudantes só poderán realizar a mobilidade con bolsa cero sempre e cando cumpran todos os requisitos da convocatoria.
8. O/a estudante con nacionalidade española deberá ter o DNI en vigor e o/a que conte con nacionalidades estranxeira deberá ter a TIE en vigor desde o momento en que solicita a mobilidade até o remate desta.

IV. REQUISITOS DE IDIOMAS ESTRANXEIROS

Os estudantes deberán satisfacer os seguintes requisitos lingüísticos:

A) Niveis esixidos pola UDC e momento en que se deben acreditar:

Os candidatos deberán acreditar, no momento da solicitude, os niveis de coñecemento de idiomas estranxeiros que se especifican a continuación dalgún dos seguintes modos:

Mediante algunha das certificacións ou diplomas relacionados no Anexo I.

Mediante o diploma que acredite ter superado o curso correspondente ao nivel exixido no Centro de Linguas a través da convocatoria para a mellora das competencias lingüísticas do estudantado.

A UDC, a través do Centro de Linguas, poñerá a disposición dos estudantes diversas datas para a acreditación oficial do nivel en lingua inglesa que se poderán verificar a través da páxina web do Centro de Linguas.

O nivel mínimo que se deberá acreditar será o seguinte (todos os niveis de coñecemento refírense ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas –MCERL–):

- **A2 (completo)**: cando a lingua que se empregue maioritariamente como lingua de prácticas que vai realizar na institución/empresa de destino sexan o **alemán, italiano, francés ou portugués**.
- **B1 (completo)**: cando a lingua que se empregue maioritariamente como lingua de instrución nas prácticas que vai a realizar na institución/empresa de destino sexa o **inglés**.
- **B1 (completo) en lingua inglesa** cando a lingua de instrución sexa calquera outro idioma distinto do inglés, francés, alemán, italiano e portugués.

O estudante non poderá incorporar no seu acordo de prácticas linguas de instrución estranxeiras non xustificadas previamente.

B) CASOS ESPECIAIS (QUE NON DISPOÑAN DO CERTIFICADO DO NIVEL EXIXIDO):

1. Os estudantes da Facultade de Filoloxía: No caso de que o idioma obxecto de estudo na súa carreira coincida co idioma estranxeiro esixido na institución de destino, os estudantes de todas as titulacións deste centro presentarán unha copia da matrícula como acreditación do nivel lingüístico. O estudantado do Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios ou dos mestrados correspondentes deberá acreditar dominio da lingua inglesa ou da lingua local do país de destino polo procedemento antes indicado. Que a lingua das prácticas sexa o español non é suficiente para cumprir o apartado de coñecementos lingüísticos da solicitude de mobilidade.
2. Os estudantes de titulacións bilingües, así como os estudantes dunha titulación internacional oficial da UDC (dobre ou conxunta) que se imparta nunha lingua estranxeira e que inclúa mobilidade internacional como parte do plan de estudos, presentarán a matrícula na titulación como acreditación do seu nivel.

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	28/02/2024 11:50:18
Observacións		Páxina	2/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



3. A parte de **preparación do traballo fin de grao/mestrado** non se considera como parte obrigatoria de prácticas en empresa dunha titulación e non ten recoñecemento de créditos. Non se consideran como caso especial as estadias de prácticas onde só estea previsto realizar a preparación do traballo de fin de grao/mestrado na institución de destino, aínda que sexa unha titulación internacional oficial da UDC.

Os estudantes estranxeiros residentes en España e con TIE en vigor, nativos nas linguas oficiais do país de destino, preferiblemente distinto ao país de orixe, necesitarán acreditar a nacionalidade estranxeira en dito país e os estudos previos (equivalentes ao nivel de secundaria ou universitarios) realizados nesta lingua no seu país de orixe.

C) NIVEL DE IDIOMAS EXIXIDO POLA INSTITUCIÓN/EMPRESA DE DESTINO:

Advertese de que, independentemente do nivel de coñecemento de idioma estranxeiro esixido pola UDC e a maiores deste, a institución/empresa de destino poderá impoñer os seus propios requisitos a este respecto. **O incumprimento destes requisitos impostos pola institución de destino determinará o rexeitamento da candidatura do/a estudante e a imposibilidade de efectuar a estadia**, aínda que no proceso de selección da UDC se lle concedese a praza de mobilidade.

V. ORGANIZACIÓNS DE ACOLLIDA E DURACIÓN DAS ESTADÍAS

As persoas candidatas deben buscar e escoller unha empresa ou institución de destino de conformidade coas seguintes regras:

A) EMPRESAS E INSTITUCIÓNS DE DESTINO ELIXIBLES

Son elixibles as empresas ou organizacións dos 26 estados membros da Unión Europea (excluída España), dos tres países integrantes do espazo económico europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega), Turquía, Macedonia e Serbia.

As organizacións poden ser:

- unha empresa pública ou privada, pequena, mediana ou grande (incluídas as empresas sociais);
- un organismo público local, rexional ou nacional;
- embaixadas ou oficinas consulares do Estado membro da UE ou do terceiro país asociado ao Programa de envío;
- un interlocutor social ou outro representante da vida laboral, incluídas as cámaras de comercio, as asociacións artesanais ou profesionais e os sindicatos;
- un instituto de investigación;
- unha fundación;
- un centro escolar, un instituto ou un centro educativo (de calquera nivel, desde a educación preprimaria á segunda etapa de educación secundaria, incluídas a educación profesional e a educación de persoas adultas);
- unha ONG, unha asociación ou unha organización sen ánimo de lucro;
- un organismo de asesoramento académico, orientación profesional ou servizos informativos;
- unha institución de educación superior situada nun Estado membro da UE ou nun terceiro país asociado ao Programa á que se concedeu unha ECHE.

Os seguintes tipos de organizacións non son admisibles como organizacións de acollida para a mobilidade de estudantes en prácticas: as institucións da UE e outros órganos da UE, incluídas as axencias especializadas (a listaxe completa está dispoñible no seguinte sitio web: http://europa.eu/european-union/about-eu/institutions-bodies_es); as organizacións que xestionen programas da UE, como as axencias nacionais de Erasmus+ (co fin de evitar posibles conflitos de intereses ou dobres financiamentos).

Non serán elixibles empresas españolas ou galegas con sucursais/oficinas no estranxeiro ou empresas estranxeiras onde a lingua que se utilice durante a práctica sexa o español ou galego.

B) CORRESPÓNDELLE EXCLUSIVAMENTE AO ESTUDANTE A TAREFA DE BUSCAR E SELECCIONAR A EMPRESA OU ORGANIZACIÓN NA QUE DESEXA DESENVOLVER O PERÍODO DE PRÁCTICAS

1. Dentro do espectro de institucións e empresas elixibles será responsabilidade exclusiva do estudante encontrar a empresa ou organización de destino.
2. Non obstante, a Oficina de Relacións Internacionais publicará as posibles ofertas que reciba na ligazón: https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/practicas_empresas/oferta_practicas/index.html
3. Debe entenderse, en calquera suposto, que a UDC se limita a publicar ofertas procedentes do exterior. Estas ofertas publicanse de maneira automática, sen que a UDC comprobe a súa veracidade, nin as condicións das empresas ou institucións en que se desenvolverán as prácticas anunciadas. A UDC, por conseguinte, non ten responsabilidade derivada da falta de realidade das ofertas anunciadas ou do

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	28/02/2024 11:50:18
Observacións		Páxina	3/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



incumprimento dalgunha ou de todas as condicións que aparecen nas ofertas. Recoméndaselle ao estudante que comprobe persoalmente estes extremos e non confíe na autenticidade da oferta polo simple feito de incorporarse á páxina web da UDC.

C) PERÍODOS NOS QUE DEBEN DESENVOLVERSE AS PRÁCTICAS E DURACIÓN DESTAS

1. As estadias realizaranse entre o 1/09/2024 e o 30/09/2025 e terán unha duración de entre 2 e 12 meses.
2. As estadias da modalidade **Estudantes en prácticas** deberán discorrer na súa totalidade antes de que o estudante solicite o depósito do título.
3. As estadias da modalidade **Recentemente titulados en prácticas** deberán discorrer no ano inmediatamente posterior á obtención do título por parte do estudante na titulación que está a cursar no momento de presentar a solicitude. A estes efectos, entenderase que o ano posterior á titulación comeza o día en que o estudante presenta a solicitude do depósito do título.

VI. CONTRATO DE APRENDIZAXE/PRÁCTICAS (*LEARNING AGREEMENT FOR TRAINEESHIPS*), AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS E RECOÑECIMENTO ACADÉMICO

Para realizar calquera mobilidade será preciso concertar un contrato de prácticas, en que se deberá acordar un recoñecemento académico suficiente cando sexa posible. Este contrato de prácticas axustarase ás seguintes regras, ademais de ao disposto no regulamento de mobilidade internacional da UDC (art. 15) respecto aos contratos de prácticas.

A) CONTRATO DE APRENDIZAXE/PRÁCTICAS (*LEARNING AGREEMENT FOR TRAINEESHIPS*)

A estadia de prácticas da persoa candidata debe ser aprobada polo centro mediante a sinatura dun contrato de aprendizaxe (*learning agreement for traineeships*) conxuntamente co estudante, a empresa ou institución de destino e o responsable de RRII do centro na UDC. O/a responsable de RRII do centro só asinará o contrato de prácticas cando comprobe que este foi debida e completamente cuberto pola persoa candidata.

1. O contrato de prácticas formalizarase necesariamente no modelo normalizado do programa Erasmus+ que se adxunta a esta convocatoria como Anexo II. O estudante o asinará primeiro e indicará na **táboa B do contrato** a modalidade elixida.
 - a. Na modalidade de **Estudantes en prácticas**, o estudante poderá elixir cumprimentar a **opción 1**, no caso de prácticas CURRICULARES obrigatorias na súa titulación, ou a **opción 2**, no caso de prácticas voluntarias EXTRACURRICULARES.
 - b. Na modalidade **Recentemente titulados en prácticas**, o estudante deberá cumprimentar a **opción 3**.
2. O/a representante da **empresa ou institución de destino** deberá asinar o contrato de prácticas, estampando ao lado **da sinatura o selo oficial** desta.
3. O/a **responsable de RRII do centro** só asinará o contrato de prácticas cando comprobe que este foi debida e completamente cuberto pola persoa candidata e aprobado pola empresa ou institución de destino.

B) MODIFICACIÓNS OU AMPLIACIÓNS DO CONTRATO DE PRÁCTICAS

1. O contrato de prácticas poderase modificar ou ampliar, única e exclusivamente, no **prazo dun mes** que conta desde o inicio do período de prácticas. **Fóra deste prazo non se admitirá ningunha solicitude de modificación do contrato de prácticas.** O/a estudante deberá especificar os motivos da ampliación de estadia, o novo período de estadia, as horas ampliadas e o contido da práctica para o período ampliado.
2. As modificacións/ampliacións deberán solicitarse empregando o mesmo modelo de contrato de aprendizaxe do Anexo II (*learning agreement for traineeship*), completando a sección «durante a mobilidade» (*during the mobility*), dispoñible na ligazón http://www.udc.es/ori/inf_estudiantes_udc/formulariosespanoles/
3. O contrato de prácticas modificado/ampliado remitiráselle á persoa responsable de RRII do centro ao que pertencese o estudante, xa asinado pola institución ou empresa de destino. Unha vez aprobado e asinado polo responsable de RRII do centro, este enviarallo á ORI para o seu rexistro coa conseguinte **emenda ao convenio financeiro que terá que ser asinado polo menos un mes antes da data inicial prevista de finalización da súa estadia.**

C) AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	28/02/2024 11:50:18
Observacións		Páxina	4/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1. O responsable de relacións internacionais do centro de orixe ou ben, cando o haxa e sexa competente, o coordinador de prácticas da titulación procederá a avaliar as prácticas, logo de ver o certificado final da práctica (*traineeship certificate*) emitido pola institución de acollida (segundo o modelo dispoñible no anexo II: sección «despois da mobilidade» (*after mobility*)).
2. No caso de que estea prevista a validación das prácticas por créditos da titulación que estea cursando o estudante, a avaliación destas farase de acordo coa normativa aplicable a dita titulación. Noutro caso, o responsable de relacións internacionais fará constar a cualificación de «apto» ou «non apto» á vista do certificado final da práctica (*traineeship certificate*) da institución de acollida.

D) RECOÑECEMENTO ACADÉMICO

1. As estadias da modalidade **Estudantes en prácticas** deberán dar lugar a un recoñecemento académico suficiente. O recoñecemento académico que proceda deberá expresarse no contrato de prácticas.
2. O recoñecemento académico consistirá preferentemente na validación do período de prácticas polos créditos ECTS da materia «practicum», «prácticas en empresas» ou outra equivalente da titulación do estudante.
3. No caso de non existir estas materias na titulación do estudante, de non cumprir a estadia do estudante as condicións esixidas para a súa superación, ou cando o estudante xa superase esas materias, o recoñecemento consistirá na mención expresa do período de prácticas no suplemento europeo ao título.
4. Na modalidade de **Recentemente titulados en prácticas** o recoñecemento farase mediante a expedición dun certificado de prácticas.

VII. COMO SOLICITAR A MOBILIDADE. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A) COMO CUBRIR A SOLICITUDE:

1. Todos os estudantes que soliciten unha mobilidade deberán cubrir **unha única solicitude** en liña a través do **portal electrónico para estudantes** de intercambio saíntes, dispoñible na ligazón: https://www.udc.gal/es/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_Erasmus/Erasmus_practicas/
2. Os estudantes accederán ao portal en liña no que se presenta a solicitude electrónica coas súas credenciais de usuario da UDC.
3. Antes de comezar a cubrir a solicitude o/a estudante debe ler detidamente as instrucións que se detallan no portal e na solicitude en liña. As solicitudes que non sexan cubertas polo/a estudante seguindo estas instrucións poderán ser excluídas do proceso de selección.
4. Na súa solicitude, o/a estudante debe indicar, como enderezo de correo electrónico, única e exclusivamente **o enderezo institucional @udc.es** da que dispoñen todos os membros da comunidade universitaria. As solicitudes nas que se indique un enderezo de correo distinta da institucional @udc.es poderán ser excluídas do proceso de selección.

B) DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGAR Á SOLICITUDE EN LIÑA:

- Contrato de aprendizaxe/prácticas (*learning agreement for traineeships*). É obrigatorio **cubrir en formato electrónico debidamente todos os apartados** da sección «antes da mobilidade» (*before the mobility*), en inglés ou na lingua de instrución que se utiliza en destino. O modelo de contrato de prácticas do anexo II está dispoñible na súa versión electrónica na páxina web da ORI en https://www.udc.es/es/ori/inf_estudiantes_UDC/Formulariosespanoles/. O documento deberá subirse ao portal, **en PDF, debidamente asinado polo estudante, polo responsable de relacións internacionais do centro de orixe e pola institución de destino**. Ademais de estar asinado, este documento deberá levar tamén **estampado o selo da institución de destino**. É importante que todos os datos das empresas reflectidas no recadro *the receiving organisation/enterprise* sexan debidamente cubertos.
- Para estudantes estranxeiros residentes en España: copia do NIE en vigor
- Xustificante do nivel de idioma estranxeiro de instrución que se utilice en destino, de conformidade co que dispoñe o apartado IV desta convocatoria.

C) LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As solicitudes formalizaranse a través do portal electrónico para estudantes de intercambio. A solicitude só terá validez cando o estudante, empregando a súa conta de correo da UDC, comunique que xa realizou a solicitude en liña a outgoing.rrii@udc.es (Campus Coruña) / riferrol@udc.es (Campus Ferrol).
2. O prazo de presentación permanecerá aberto desde o día da publicación desta convocatoria na páxina web da ORI **ata o 15/05/2025**.
3. Os candidatos deberán completar as súas solicitudes **un mes (30 días naturais) antes da data prevista para o inicio da mobilidade**. Toda solicitude que non se presente coa antelación que se indica será automaticamente rexeitada.

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Asinado	Data e hora	28/02/2024 11:50:18
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad				
Observacións					
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



VIII. APROBACIÓN DA MOBILIDADE, ACEPTACIÓN DESTA E ASIGNACIÓN DAS AXUDAS ECONÓMICAS DO PROGRAMA ERASMUS +

A) APROBACIÓN DA MOBILIDADE

- Tras recibir a solicitude en liña do/a estudante debidamente cuberta, a UDC comprobará:
 - Que a persoa solicitante cumpre os requisitos sinalados nos apartados III e IV da presente convocatoria.
 - Que a empresa ou institución de destino é elixible.
 - Que o contrato de prácticas estea debidamente cuberto, asinado e selado, no modelo do anexo II e conforme ás instrucións que figuran na presente convocatoria.
 - Que o estudante achegou á súa solicitude toda a documentación esixida nesta convocatoria.
- Cando se cumpran todas as condicións anteriores, a Universidade da Coruña aprobará a mobilidade do/a solicitante e comunicarlle esta aprobación á persoa candidata por correo electrónico.
- As persoas candidatas con mobilidades aprobadas deberán aceptar dita mobilidade segundo o procedemento que se indica no punto seguinte. As mobilidades poderán ser aprobadas con axuda financeira ou con bolsa cero.

B) ACEPTACIÓN E RENUNCIA Á MOBILIDADE. CONTRATO DE SUBVENCIÓN

- Tras recibir o correo electrónico coa notificación da aprobación da súa mobilidade por parte da UDC, os candidatos deberán formalizar a súa aceptación ou renuncia á mobilidade nun prazo de 10 días naturais.
- A aceptación ou a renuncia realizarase a través do mesmo portal na dirección https://www.udc.gal/es/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_Erasmus/Erasmus_practicas/.
- No caso de aceptación da mobilidade, os estudantes que solicitaron a bolsa Erasmus+ deberán rexistrar a través da sede electrónica da UDC <https://sede.udc.gal/>, na sección "xestión económica", facendo clic en "Iniciar o trámite" correspondente á liña Alta/Baixa/Modificación terceiros, nos mesmos prazos indicados arriba, o seguinte:
 - Certificación orixinal do IBAN da conta bancaria aberta en España da que a persoa solicitante é titular ou co-titular.As persoas adxudicatarias que NON cumpran debidamente con este trámite en forma e prazo, NON poderán ser beneficiarias das axudas financeiras Erasmus+, e serán consideradas como mobilidades "bolsa cero" (sen axuda financeira).
- Todas as persoas adxudicatarias da mobilidade (a estes efectos é indiferente que sexa unha mobilidade con ou sen bolsa) deberán asinar na ORI un contrato de subvención antes de incorporarse á organización de destino. Este contrato de subvención enviarase por correo electrónico (ao correo da UDC) á persoa interesada, no que se especificará o prazo para devolvelo asinado dixitalmente.
- No caso de renuncias, a persoa candidata deberá especificar os motivos da renuncia.

IX. ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS ERASMUS+

Só se concederá axuda económica Erasmus+ para mobilidade física (*Mobilidade na que o/a estudante se encontra fisicamente na institución de destino durante todo o período de prácticas programado. Pódese corresponder con modalidades de prácticas presencial ou semipresencial.*). A mobilidade virtual (*Mobilidade na que non existe desprazamento físico do estudante e que, obrigatoriamente, se corresponde cun escenario de aprendizaxe non presencial na súa totalidade (virtual ou en liña)*) non terá dereito á axuda económica.

Como consecuencia da aprobación da súa mobilidade e con carácter inmediato, o/a estudante será incluído/a nunha listaxe de candidatos ás axudas económicas do programa Erasmus+.

A) PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS ERASMUS+

- A UDC ditará unha primeira resolución en que se adxudican as bolsas Erasmus+ dispoñibles, no prazo de 10 días, que conta desde o momento en que coñeza o importe total da subvención do programa Erasmus+ que se lle concedese para realizar as prácticas.
- Se no momento de ditar esta primeira resolución existen menos bolsas que persoas candidatas, as bolsas Erasmus+ adxudicaránse conforme aos seguintes criterios:
 - Nota media do expediente académico calculada segundo o sistema vixente no momento de publicar a convocatoria. As medias serán ponderadas cun coeficiente corrector de 1.17 para as titulacións técnicas, como se aplica nas convocatorias das bolsas do MEC..
 - En caso de empate entre dous estudantes, adxudicáraselle a bolsa a quen aprobase máis créditos da súa titulación. De non ser posible mesmo así dirimir o empate, asignáraselle a praza ao estudante que certifique un nivel MCERL máis alto no idioma en que van a desenvolver as súas actividades académicas na institución de destino. De continuar o empate, a praza adxudicarase ao estudante que

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	28/02/2024 11:50:18
Observacións		Páxina	6/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



teña máis matrículas de honra na súa titulación; se ambos teñen as mesmas, a quen obtivese máis sobresalientes e así sucesivamente ata acadar o desempate.

3. A partir da primeira resolución, se aínda quedasen bolsas dispoñibles, a comisión ditará sucesivas resolucións cada vez que se presente unha nova solicitude de estadia con fins de prácticas e adxudicará as bolsas conforme ao criterio de prioridade temporal. Estas resolucións produciranse no prazo máximo dun mes, que conta desde o momento en que a persoa solicitante presente toda a documentación esixida pola presente convocatoria. Aos efectos de determinar entre varias solicitudes cal é a que presentouse primeiro, terase en conta o momento en que a persoa solicitante cubriu unha solicitude completa no portal en liña, que satisfaga os requisitos do apartado VIII. A simple presentación dunha solicitude incompleta no rexistro do portal electrónico non concede prioridade temporal á súa solicitante.
4. Tanto a primeira como as sucesivas resolucións de adxudicación das bolsas publicaranse na páxina web da ORI www.udc.es/ori. Excepto a primeira, as resolucións comunicaránselle ao estudante por correo electrónico.
5. Contra a resolución que adxudica as bolsas poderase presentar unha reclamación no prazo de 5 días naturais desde a súa publicación. A comisión de selección deberá resolver no prazo de 7 días naturais que comezarán a contar desde a finalización do prazo de presentación das reclamacións. Esta resolución esgotará a vía administrativa e contra ela poderase presentar un recurso de reposición ou un recurso contencioso administrativo nos prazos e nas formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

B) CONTÍA E PAGAMENTO DAS AXUDAS

1. O importe da axuda será o que dispoña o Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), para a mobilidade de larga duración para prácticas de estudantes a estados membros da UE ou terceiros países asociados ao programa, no marco do proxecto 2023-1-ES01-KA131-HED-000118792.
2. Considéranse *estudantes con menos oportunidades* os supostos seguintes:

Obstáculo	Perfil
Discapacidade	Estudantado cun grao de discapacidade do 33% como mínimo
Obstáculos socioeconómicos	<ul style="list-style-type: none"> - Beneficiarios/as dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado ou dunha bolsa do Departamento de Educación do País Vasco - Percepción de prestación de Ingreso Mínimo Vital / Renta Mínima de Inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza da unidade familiar - Persoas en risco de exclusión social - Familias numerosas ou monoparentais - Situacións de especial necesidade e emerxencia social consideradas pola administración competente - Víctimas de terrorismo, violencia de xénero e orfandade - Situación de dependencia, participantes con persoas dependentes ao seu cargo - Estudantado con contratos de traballo a tempo completo
Problemas de saúde	Situación de saúde física ou mental que xere a necesidade de apoio adicional
Diferenzas culturais	Condición de refuxiado ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentada solicitude de protección internacional en España

A pertenza a algún destes perfís deberá **acreditarse documentalmente no momento de aceptar a praza** de mobilidade Erasmus+ para poder recibir a axuda complementaria. No caso do alumnado que reúna os requisitos de varios perfís, só deberá acreditar a pertenza a un deles, posto que a axuda adicional é a mesma, independentemente de que se pertenza a un ou varios perfís.

A documentación precisa para acreditar cada un dos perfís está dispoñible en: https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_Erasmus/necesidades_especiales/

Unha persoa con *necesidades de apoio á inclusión* é un/unha participante potencial cuxa situación física, psíquica ou sensorial é tal, que a súa participación nunha actividade de mobilidade non sería posible sen unha axuda financeira superior ás establecidas con carácter xeral, incluídas as axudas adicionais para estudantes con menos oportunidades. Para acceder ás axudas de apoio á inclusión establecidas no

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	28/02/2024 11:50:18
Observacións		Páxina	7/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ=		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Programa Erasmus+, os/as participantes deberán ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33% ou padecer problemas físicos, mentais ou de saúde debidamente acreditados mediante a correspondente certificación médica, así como cumprir co resto dos criterios de elixibilidade establecidos no Programa. Este estudiantado poderá recibir axudas superiores baseadas en custos reais para cubrir gastos adicionais que non poidan ser cubertos coas axudas establecidas con carácter xeral, incluídas as axudas adicionais para estudantes con menos oportunidades. Estes gastos poden incluír transporte especial/adaptado no país de acollida, acompañantes, servizos profesionais que sexan imprescindibles, visitas preparatorias e outros gastos específicos derivados da discapacidade acreditada pola persoa participante. Estas axudas deben ser solicitadas pola UDC ao SEPIE, que decidirá sobre a admisión de cada solicitude individualmente en base á documentación aportada pola persoa participante. Máis información sobre estas axudas de apoio á inclusión e como solicitatalas está dispoñible en: https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_Erasmus/necesidades_especiales/

3. A empresa pode considerar algunha contribución adicional que será compatible coa axuda de prácticas Erasmus.
4. Así mesmo, as bolsas Erasmus+ para prácticas son compatibles con calquera outra bolsa ou axuda á mobilidade procedente doutro organismo público ou privado.
5. As persoas adxudicatarias dunha bolsa Erasmus+ recibirán o **pagamento en dous prazos**, sempre e cando teñan asinado o seu convenio financeiro e teñan realizada a primeira avaliación do idioma na OLS antes do inicio da mobilidade:
 - a) Iniciarase a tramitación do primeiro pagamento do 80% da axuda antes do inicio da mobilidade nas condicións que figuran no convenio financeiro que a persoa adxudicataria asinará antes do inicio da mobilidade.
 - b) O 20 % restante comezarase a tramitar logo de cumprir coas obrigas seguintes:
 - o Presentar na ORI, no prazo máximo de 10 días tras finalizar a estadía en destino, o orixinal do certificado final da práctica (empregando o modelo do contrato de aprendizaxe (*traineeship certificate*), sección «despois da mobilidade» (*after the mobility*)). O certificado deberá estar **asinado e selado pola empresa e terá que especificar as datas reais da estadía, e conter a avaliación da práctica** efectuada polo titor da institución de destino. O certificado poderase presentar con sinatura electrónica, ou ben coa sinatura manuscrita escaneada sempre que se atopen debidamente selados, e remitidos á ORI por correo electrónico a outgoing.rrii@udc.es (Campus Coruña) / riferrol@udc.es (Campus Ferrol) directamente desde a institución de destino.
 - o Elaborar, no prazo máximo de 10 días tras finalizar a estadía en destino, o informe final de experiencia (**EU survey**) que o estudante debe completar a través da plataforma da *Unión Europea* e tras realizar a **segunda avaliación** final do idioma a través da plataforma OLS.
 - c) Os modelos de certificado de chegada e final da práctica pódense descargar no enderezo https://www.udc.es/es/ori/inf_estudiantes_UDC/Formulariosespanoles/

C) CRITERIOS DE REPARTO DO REMANENTE DE FONDOS

1. No caso de que se incremente a dispoñibilidade orzamentaria durante o curso 2024/25 ou que tras o cómputo de gastos finais xustificadas polos candidatos adxudicatarios de mobilidades Erasmus+ prácticas con axuda financeira quedase algún remanente de fondos dispoñible na aplicación orzamentaria, estes fondos poderanse reasignar a candidatos adxudicatarios dunha mobilidade Erasmus+ prácticas con bolsa cero, sempre e cando a estadía non estea rematada no momento do reparto final.
2. O reparto farase con aplicación dos criterios do apartado A)2. deste artigo IX, e sempre previamente á sinatura da emenda do convenio financeiro de mobilidade Erasmus+ prácticas.

X. OBRIGAS DOS ESTUDANTES AOS QUE SE LLES CONCEDA A MOBILIDADE

Ademais das recollidas no Regulamento de mobilidade internacional da UDC, os estudantes adxudicatarios dunha praza de mobilidade no marco da presente convocatoria terán as seguintes obrigas:

Os documentos que precisen ser asinados polo/a estudante nesta convocatoria deben asinarse con sinatura dixital, polo que o/a estudante deberá solicitar, se non o ten, o certificado de persoa física ou posuír un lector de DNI electrónico.

A) ANTES DE INICIAR A MOBILIDADE:

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad		Asinado	28/02/2024 11:50:18
Observacións			Páxina	8/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



1. **Documentación.** A persoa candidata deberá enviar á ORI, preferentemente en formato PDF, a documentación seguinte:
 - a) Copia do resgardo de matrícula do curso 2024/25 para a persoa candidata da modalidade de **Estudantes en prácticas**, ou copia do resgardo de depósito do título para a persoa candidata da modalidade de **Recentemente titulados en prácticas**.
 - b) Copia da tarxeta sanitaria europea ou do seguro médico en vigor durante o período de realización das prácticas.
 - c) Copia da póliza ou certificación acreditativa do seguro de accidentes, asistencia en viaxe e de responsabilidade civil contratado.
2. **Primeira proba lingüística en liña (OLS).** Todos os estudantes, con independencia da modalidade na que desenvolvan a súa mobilidade, que vaian empregar como lingua de traballo os idiomas estranxeiros ofertados na OLS (alemán, checo, danés, francés, grego, inglés, italiano, neerlandés, polaco, portugués, sueco ou outras linguas que estivesen dispoñibles posteriormente na plataforma OLS), teñen a obriga de someterse a unha avaliación da súa competencia lingüística, a través da plataforma OLS, antes de comezar a súa mobilidade. Esta avaliación é adicional e independente do requisito establecido no apartado III desta convocatoria. Os resultados da proba de avaliación lingüística realizada polas persoas participantes antes de partir non lles impedirán participar na mobilidade. A ORI, de o considerar necesario en cada caso, adxudicaralles unha licenza para seguir voluntariamente un curso en liña. Este curso incluírase obrigatoriamente no convenio de subvención co estudante.
3. **Asinar o convenio financeiro Erasmus+.**

B) AO INCORPORARSE Á EMPRESA OU INSTITUCIÓN DE DESTINO:

Certificado de chegada. Todas as persoas adxudicatarias deberán enviar á ORI, tras incorporarse á práctica na empresa ou institución de destino, e nun prazo máximo de 10 días tras esta incorporación, o certificado de chegada, segundo o modelo que se pode descargar no seguinte enderezo: https://www.udc.es/es/ori/inf_estudiantes_UDC/Formulariosespanoles/. No caso de incumplir esta obriga en prazo, cancelárase a mobilidade e o/a estudante deberá devolver o importe da axuda recibida.

C) AO REMATAR A MOBILIDADE

1. **Certificado final das prácticas.** Todas as persoas adxudicatarias deberán presentar na ORI, no prazo máximo de 15 días tras a data inicial prevista da estada en destino, o orixinal do certificado final das prácticas debidamente asinado e selado pola institución de destino (empregando o modelo do acordo de aprendizaxe (*traineeship certificate*), sección «despois da mobilidade» (*after the mobility*) (véxase o modelo anexo II). No caso de non cumprir esta obriga en prazo, o/a estudante deberá devolver o importe da bolsa recibida.
2. **Completar o informe de experiencia final (EU Survey).** Tras realizar a estada de prácticas, o/a estudante deberá redactar un informe sobre a experiencia vivida na súa mobilidade. A debida elaboración do informe de experiencia final a través do programa europeo de xestión da mobilidade será considerada como a solicitude da persoa participante do pagamento do saldo da axuda financeira. No caso de non cumprir esta obriga en prazo, o/a estudante deberá devolver o importe da bolsa recibida.

XI. SEGUROS

Os estudantes deberán dispoñer dunha cobertura de seguro adecuada para realizar a súa mobilidade. Os estudantes serán os responsables de contratar os seguros necesarios para cubrir os riscos derivados da súa estada e presentar copia ante a ORI antes de iniciar a súa mobilidade. En particular, débense ter en conta as seguintes regras:

1. Cobertura de seguro médico. A cobertura de seguro médico é obrigatoria. Os estudantes que realicen a súa mobilidade dentro dun estado membro da UE poderán dispor de cobertura ao obter a tarxeta sanitaria europea (TSE) ou serán responsables de contratar un seguro médico privado válido para a cobertura en destino.
2. A cobertura de seguros de accidente, asistencia en viaxe e responsabilidade civil é obrigatoria. Todos os estudantes serán responsables de contratar seguros de accidentes e responsabilidade civil. No acordo de aprendizaxe, se especificará sempre no apartado de «coberturas de seguros do estudante» que a institución de envío (a UDC) **NON** asumirá coberturas de seguros de accidente nin de responsabilidade civil para as persoas candidatas.
3. Outros seguros. Recoméndase a todos os estudantes que realizan unha mobilidade internacional contratar adicionalmente un seguro de asistencia en viaxe e repatriación coas seguintes coberturas mínimas: transporte ou repatriación sanitaria, transporte ou repatriación do asegurado falecido, desprazamento de familiar acompañante no caso de enfermidade, estada dun familiar acompañante,

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	28/02/2024 11:50:18
Observacións		Páxina	9/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



interrupción da viaxe por defunción dun familiar, desprazamento de familiar acompañante por falecemento.

XII. ALTA EN SEGURIDADE SOCIAL

A alta na Seguridade Social do estudantado en prácticas quedará suxeita ao disposto na Disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro e modificado polo Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións.

O/a estudante co dereito á alta na Seguridade Social deberá proporcionar o seu NUSS/NAF á ORI no momento da aceptación da mobilidade.

XIII. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 del Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RGPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal. A solicitude dunha destas bolsas na Universidade da Coruña implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD). Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais. A persoa interesada consinte no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos os poderá exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa A Maestranza 9, 15001. A Coruña ou ao correo electrónico rpd@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, xunto cunha fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

XIV. INFORMACIÓN

A información sobre o Programa Erasmus+ pódese consultar en <http://www.sepie.es/>
Para máis información diríxanse á Oficina de Relacións Internacionais:

CAMPUS DE A CORUÑA
Casa do Lagar
Campus de Elviña
Tel: 981 167 000 (ext. 1959 /1960)
outgoing.rrii@udc.es

CAMPUS DE FERROL
Edificio de Apoio ao Estudio
Campus de Esteiro
Tel: 981 337 400 (ext. 3634)
riferrol@udc.es

O Reitor da UDC
Ricardo Cao Abad

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	28/02/2024 11:50:18
Observacións		Páxina	10/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO I CERTIFICADOS ADMITIDOS PARA A ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DE IDIOMAS

Táboas de certificados válidos para a acreditación de nivel de idiomas e a súa correspondencia co MCERL

No seguinte cadro inclúense as equivalencias de nivel que se aplicarán, só para efectos desta convocatoria, aos cursos de idiomas realizados no Centro de Linguas da UDC:

Idioma	A2	B1
Alemán	A2	
Francés	A2	
Inglés		B1.2
Italiano	A2	
Portugués	A2	

Pódense consultar as táboas de equivalencias de certificados segundo ACLES na páxina web da ORI en https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_internacional/index.html

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	28/02/2024 11:50:18
Observacións		Páxina	11/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Estudante en prácticas	Apelidos	Nome	Data de nacemento	Nacionalidade ⁱ	Xénero [M/F]	Ciclo de estudos ⁱⁱ	Sector educativo ⁱⁱⁱ
Institución de envío	Nome	Facultade/ Departamento	Código Erasmus ^{iv} (se procede)	Enderezo	País	Nome da persoa de contacto ^v ; correo electrónico; teléfono	
	UNIVERSIDA DE DA CORUÑA	ORI	E LA-CORU01	O lagar – Campus Elviña – 15071 A Coruña	SPAIN	International relations Office (IRO) Email : outgoing.rrii@udc.es riferrol@udc.es	
Organización/ Empresa de acollida	Nome	Departamento	Dirección; páxina web	País	Tamaño	Nome da persoa de contacto ^{vi} ; cargo ; correo electrónico; teléfono	Nome do mentor ^{vii} ; cargo; correo electrónico; teléfono
					<input type="checkbox"/> < 250 empregados <input type="checkbox"/> > 250 empregados		

Antes da mobilidade

Táboa A – Programa de prácticas na organización/ empresa de acollida	
Datos previstas do período de mobilidade: de [mes/ano] a [mes/ano]	
Denominación das prácticas:	Número de horas laborables por semana:
Programa detallado do período de prácticas:	
Prácticas en habilidades e competencias dixitais ^{viii} : Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
Coñecementos, capacidades e competencias a adquirir ao finalizar as prácticas (resultados de aprendizaxe previstos):	
Plan de seguimento:	
Plan de avaliación:	
O nivel de competencia lingüística* en _____ [indicar a lingua principal de traballo] que o estudante posúe ou que se compromete a obter no momento de iniciar o seu período de mobilidade é: A1 <input type="checkbox"/> A2 <input type="checkbox"/> B1 <input type="checkbox"/> B2 <input type="checkbox"/> C1 <input type="checkbox"/> C2 <input type="checkbox"/> Falante nativo <input type="checkbox"/>	

Táboa B – Institución de envío	
Escolla unha das tres opcións seguintes*:	
1. As prácticas forman unha parte integrante do plan de estudos (Curriculares). Unha vez concluídas satisfactoriamente, a institución:	
Concederá.....créditos ECTS (ou equivalentes) ^{xi}	Outorgará unha cualificación baseada en: Certificado de prácticas <input type="checkbox"/> Informe final <input type="checkbox"/> Entrevista <input type="checkbox"/>
Fará constar a realización das prácticas no Certificado académico do estudante e no Suplemento Europeo ao Título (ou equivalente) do estudante.	
Fará constar a realización das prácticas no Documento de Mobilidade Europass: Non X	
Fará constar a realización das prácticas nun Certificado de Mobilidade: Si X	

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Asinado	Data e hora	28/02/2024 11:50:18
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Páxina	12/16		
Observacións					
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



2. As prácticas son **voluntarias (extracurriculares)**. Unha vez concluídas satisfactoriamente, a institución:

Concederá créditos ECTS (ou equivalentes): Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	En caso afirmativo, indique o número de créditos:
Outorgará unha cualificación: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	En caso afirmativo, indique en que se baseará : Certificado de prácticas <input type="checkbox"/> Informe final <input type="checkbox"/> Entrevista <input type="checkbox"/>
Fará constar a realización das prácticas no Certificado académico do estudante: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
Fará constar a realización das prácticas no Suplemento Europeo ao Título (ou equivalente) do estudante	
Fará constar a realización das prácticas no Documento de Mobilidade Europass: Non X	

3. As prácticas as realiza **un recentemente graduado (Extracurriculares)**. Unha vez concluídas satisfactoriamente, a institución:

Concederá créditos ECTS (ou equivalentes): Non X	En caso afirmativo, indique o número de créditos:
Fará constar a realización das prácticas no Documento de Mobilidade Europass: Non X	
Fará constar a realización das prácticas nun Certificado de Mobilidade: Si X	

Cobertura de seguros do estudante

A institución de envío poñerá a disposición do estudante unha cobertura de seguro de accidentes (se non dispuxera de dita cobertura por parte da organización/empresa de acollida): Non X	En caso afirmativo, o seguro de accidente cubre: - accidentes durante viaxes relacionadas coas prácticas: Si <input type="checkbox"/> Non X - accidentes durante o desprazamento entre o domicilio e o lugar de traballo: Si <input type="checkbox"/> Non X
A institución de envío poñerá a disposición do estudante unha cobertura de seguro de responsabilidade civil (se non dispuxera de dita cobertura por parte da organización/empresa de acollida): Non X	

Táboa C – Organización/ empresa de acollida

A organización/empresa de acollida ofrecerá ao estudante unha axuda financeira polas súas prácticas: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	En caso afirmativo, importe (EUR/mes):
A organización/empresa de acollida ofrecerá ao estudante unha contribución en especie polas súas prácticas: Yes <input type="checkbox"/> No <input type="checkbox"/> En caso afirmativo, especifique:	
A organización/empresa de acollida poñerá a disposición do estudante unha cobertura de seguro de accidentes (se non dispuxera de dita cobertura por parte da institución de envío): Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	En caso afirmativo, o seguro de accidente cubre: - accidentes durante viaxes relacionadas coas prácticas: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> - accidentes durante o desprazamento entre o domicilio e o lugar de traballo: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
A organización/empresa de acollida poñerá a disposición do estudante unha cobertura de seguro de responsabilidade civil (se non dispuxera de dita cobertura por parte da institución de envío): Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
A organización/empresa de acollida poñerá a disposición do estudante o equipamento e o apoio necesarios.	
Unha vez concluídas as prácticas, a organización/empresa de acollida comprométese a emitir un Certificado de prácticas nas 5 semanas posteriores a súa data de remate.	

Mediante a sinatura do presente documento, o estudante en prácticas, a institución de envío e a organización/empresa de acollida confirman que aproban o Acordo de aprendizaxe e que cumpriran co acordado polas partes. O estudante e a organización/empresa de acollida comunicarán á institución de envío calquera problema ou modificación concernente ao período de prácticas. A institución de envío e o estudante comprometeranse tamén a cumprir o que se acordase no convenio de subvención Erasmus+. A institución respectará os principios da Carta Erasmus de Educación Superior en todo o relacionado coas prácticas (ou os principios que se acordasen nos acordos interinstitucionais con institucións situadas en Países asociados).

Compromiso	Nome	Correo electrónico	Cargo	Data	Sinatura
Estudiante			Estudiante en prácticas		
Responsable ^{xii} na institución de envío			O Responsable de relacións internacionais do centro UDC / academic coordinator		SELO
Supervisor ^{xiii} da organización de acollida					SELO

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	28/02/2024 11:50:18
Observacións		Páxina	13/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Durante a Mobilidade

<p><i>Táboa A2 – Modificacións excepcionais ao programa de prácticas na organización/empresa de acollida</i> (aprobación do estudante e dos responsable nas institucións de envío e de acollida realizada por correo electrónico ou mediante sinatura)</p> <p style="text-align: center;">Datos previstas do período de mobilidade: de [mes/ano] a [mes/ano]</p>	
Denominación das prácticas:	Número de horas laborables por semana:
Programa detallado do período de prácticas:	
Coñecementos, capacidades e competencias a adquirir ao rematar as prácticas (resultados de aprendizaxe previstos):	
Plan de seguimento:	
Plan de avaliación:	

Compromiso	Nome	Correo electrónico	Cargo	Data	Sinatura
Estudiante			<i>Estudiante en prácticas</i>		
Responsable ^{xiv} na institución de envío			<i>O Responsable de relacións internacionais do centro UDC / academic coordinator</i>		SELO
Supervisor ^{xv} da organización de acollida					SELO

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	28/02/2024 11:50:18
Observacións		Páxina	14/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Despois da mobilidade

<i>Táboa D – Certificado de prácticas emitido pola organización/empresa de acollida</i>	
Nome do estudante en prácticas:	
Nome da organización/empresa de acollida:	
Sector da organización/empresa de acollida:	
Dirección da organización/empresa de acollida [rúa, localidade, país, teléfono, correo electrónico], páxina web:	
Datas de inicio e finalización das prácticas: de [día/mes/ano] a [día/mes/ano]	
Denominación das prácticas:	
Programa detallado do período de prácticas, incluíndo as tarefas desempeñadas polo estudante:	
Coñecementos, capacidades (intelectuais e prácticas) e competencias adquiridas (resultados de aprendizaxe obtidos):	
Avaliación do estudante:	
Data:	
Nome e sinatura do supervisor na organización/empresa de acollida: SELO:	

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Asinado	28/02/2024 11:50:18
Asinado Por	Páxina	15/16
Observacións		
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



ⁱ **Nacionalidade:** País ao que a persoa pertence desde un punto de vista administrativo e que emite a súa tarxeta identificativa e/ou o seu pasaporte.

ⁱⁱ **Ciclo de estudos:** Ciclo corto (Ciclos formativos de grao superior, nivel 5 del MEC) / grao ou titulación equivalente de primeiro ciclo (nivel 6 del MEC) / mestrado ou titulación equivalente de segundo ciclo (nivel 7 del MEC) / doutoramento ou titulación equivalente de terceiro ciclo (nivel 8 del MEC).

ⁱⁱⁱ **Sector educativo:** A ferramenta de busca ISCED-F 2013, dispoñible en http://ec.europa.eu/education/tools/isced-f_en.htm permite localizar o código CINE 2013 no campo da educación e a formación que sexa máis próxima á titulación que a institución de envío outorgará ao estudante.

^{iv} **Código Erasmus:** Identificador único que recibe cada institución de educación superior situada nun dos Países do Programa que obtivo a Carta Erasmus de Educación Superior (ECHE).

^v **Persoa de contacto na institución de envío:** persoa que facilita o enlace para a información administrativa. Dependendo da estrutura da institución, podería ser un coordinador dentro dun departamento ou persoal da oficina de relacións internacionais ou equivalente.

^{vi} **Persoa de contacto na organización de acollida:** persoa que pode facilitar información administrativa no marco das prácticas Erasmus+.

^{vii} **Mentor:** a persoa que apoia e informa ao estudante en prácticas de aspectos relacionados coa actividade e a experiencia da empresa (a súa cultura, os seus códigos de conducta, etc.). Normalmente, o mentor debería ser unha persoa diferente ao supervisor.

⁸ **Prácticas en habilidades e competencias dixitais:** calquera práctica na que os estudantes reciben formación teórica e práctica en ao menos unha das seguintes actividades: marketing dixital (por exemplo xestión de redes sociais, análises web), deseño dixital gráfico, mecánico ou arquitectónico; desenvolvemento de aplicacións, software, scripts ou páxinas web; instalación, mantemento e xestión de sistemas e redes TIC; ciberseguridade; análises, extracción e visualización de datos; robótica e aplicacións de intelixencia artificial. Non se considerarán dentro desta categoría a atención xenérica ao cliente, o procesamento de pedidos, a entrada de datos ou tarefas de oficina.

^{ix} **Nivel de competencia lingüística:** A información sobre o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) está dispoñible en: <http://europass.cedefop.europa.eu/en/resources/european-language-levels-cefr>.

^x **Existen tres tipos de prácticas:**

1. Prácticas que forman unha parte integrante do plan de estudos (curriculares, obrigatorias na titulación)
2. Prácticas voluntarias (extracurriculares, non obrigatorias na titulación)
3. Prácticas realizadas por recentemente titulados

^{xi} **Créditos ECTS ou equivalentes:** naqueles países onde non está implantado o sistema ECTS, e especialmente para institucións situadas en Países asociados que non participan no proceso de Bolonia, a denominación "ECTS" substituirase en todas as táboas polo sistema equivalente que corresponda. Incluirase un enlace á páxina web onde se explique o funcionamento de dito sistema.

^{xii} **Responsable na institución de envío:** encargarse de asinar o Acordo de aprendizaxe, de modificalo se fose necesario e de recoñecer os créditos e os resultados de aprendizaxe correspondentes en nome do órgano académico pertinente, de acordo co establecido no Acordo de aprendizaxe. O nome e o correo desta persoa só deberá indicarse en caso de que sexa diferente da persoa de contacto mencionada na primeira páxina do documento.

^{xiii} **Supervisor da organización de acollida:** encargarse de asinar o Acordo de aprendizaxe, de modificalo se fose necesario, de supervisar ao estudante durante as súas prácticas e de asinar o Certificado de prácticas. O nome e o correo desta persoa só deberá indicarse en caso de que sexa diferente da persoa de contacto mencionada na primeira páxina do documento.

^{xiv} **Responsable na institución de envío:** encargarse de asinar o Acordo de aprendizaxe, de modificalo se fose necesario e de recoñecer os créditos e os resultados de aprendizaxe correspondentes en nome do órgano académico pertinente, de acordo co establecido no Acordo de aprendizaxe. O nome e o correo desta persoa só deberá indicarse en caso de que sexa diferente da persoa de contacto mencionada na primeira páxina do documento.

^{xv} **Supervisor da organización de acollida:** encargarse de asinar o Acordo de aprendizaxe, de modificalo se fose necesario, de supervisar ao estudante durante as súas prácticas e de asinar o Certificado de prácticas. O nome e o correo desta persoa só deberá indicarse en caso de que sexa diferente da persoa de contacto mencionada na primeira páxina do documento.

Código Seguro De Verificación	RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	28/02/2024 11:50:18
Observacións		Páxina	16/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/RQjh42yMGx7q27wr2RBvfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

